



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo TEU**ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 685 Semana do 4 ao 10 de xullo de 2016

OS BAIXOS NIVEIS DE PROTECCIÓN POR DESEMPREGO, CON 120.000 PERSOAS DESEMPREGADAS SEN NINGÚN TIPO DE COBERTURA, AVALAN A NECESIDADE DE POÑER EN MARCHA A “PRESTACIÓN DE INGRESOS MÍNIMOS”

O BO DATO DO PARO DO MES DE XUÑO VÉSE EMPAÑADO COA PRECARIEDADE, OS ALTOS NIVEIS DE ROTACIÓN NA CONTRATACIÓN E UNHA TAXA DE COBERTURA EN MÍNIMOS HISTÓRICOS

Redacción.- UGT-Galicia valora positivamente os datos do paro de mes de xuño, cun descenso do 6 por cento en Galicia, o 3,2 por cento a nivel do Estado, pero lamenta que esta mellora coxuntural non se vexa reflexada na mellora da calidade dos contratos e, sobre todo, da taxa de cobertura do desemprego.

Remata o mes de xuño de 2016 con 207.320 desempregados en Galicia (esta é a cifra máis baixa dende outubro de 2009) caendo o 6 por cento con respecto ao mes anterior, 13.144 desempregados menos. Evolución máis favorable que o sucedido no Estado, no que cae o desemprego, o 3,2 por cento. No Estado a cifra de desempregados sitúase en 3.767.054 persoas.

Este é un mes no que a caída de desemprego é habitual polo comezo da temporada estival.

Dende hai tres anos consolídase a contracción interanual do desemprego neste mes. En Galicia a variación interanual foi de baixada do desemprego do 9,5 por cento, 21.742 desempregados (no Estado tamén hai unha acusada contracción, o -8,57 por cento).

As mulleres e os mozos seguen a ser os colectivos máis perxudicados

A contracción do desemprego, no mes, repercute de similar xeito tanto en homes coma en mulleres, -5,9 por cento e -6 por cento respectivamente. Coma sempre as mulleres volven a ter maior peso no desemprego, acadando o 54,6 por cento do total. En termos interanuais cae en ambos sexos, pero como xa se ven consolidando, a recuperación das cifras de desemprego beneficia moito máis a homes que a mulleres, os homes contraen a cifra de desempregados nun 10,5 por cento fronte á menor caída, o -8,65 por cento, nas mulleres. O mercado laboral ao retomar unha senda de mellora beneficia moito máis aos homes, a desigualdade segue presente.

Por idades o paro para os menores de 25



anos sitúase en 10.032 persoas, caída superior no mes ao total do paro, o -11,2 por cento. No ano hai unha caída tamén máis acusada que no total de idades, -12,6 por cento (1.445 caída de parados menores de 25 anos) fronte ao -9,5 por cento do total de idades. As razóns desta forte caída podemos atopala na saída de efectivos da nosa comunidade así como a falta de relevo xeracional.

No mes, por sectores, contraese en todos eles, con maior contundencia tanto en termos absolutos como relativos nos Servizos (pola temporada do verán). Cae o paro nos servizos no mes en 8.729 persoas (-6,2 por cento), o 66,4 por cento do total de caída de paro rexistrado.

Interanualmente destacan en termos relativos as caídas nos sectores da industria e construción, -14,61 por cento e -15,37 por cento, respectivamente. E en termos absolutos no ano hai unha caída no sector de Servizos de 11.170 persoas desempregadas.

A contratación continúa a ser moi precaria

No mes hai un forte incremento da contratación rexistrada, +21,84 por cento por cento, (no Estado hai un 9,83 por cento de aumento). Estamos nun mes no que comeza a temporada estival e as contratacións se disparan. Medran os contratos indefinidos o 4,4 por cento por cento e medran os temporais,

contundentemente, o 23,3 por cento.

No ano hai unha evolución favorable, aumentan os contratos no 9,41 por cento.

A porcentaxe de contratos indefinidos sobre o total no mes de xuño é do 6,56 por cento (caendo incluso con respecto a baixa porcentaxe do mesmo mes do ano, 6,8 por cento) En España as porcentaxes de contratación rexistrada son baixas, pero moito mellores que en Galicia, os indefinidos representan no Estado unha porcentaxe do 7,7 por cento

En Galicia fanse 93.293 contratos en tan só un mes (para darnos unha idea en Galicia hai 812.300 asalariados). O que está claro é a precariedade destes contratos que non se consolidan e os altos niveis de rotación laboral.

A taxa de cobertura por desemprego, outra vez en mínimos históricos

A cifra de beneficiarios con prestacións por desemprego en Galicia en maio de 2016 (último dato dispoñible), é de 101.453 persoas. O carácter contributivo desta prestación está en mínimos, tan só 39.421 son beneficiarios de prestación contributiva, o 38,9 por cento do total. A taxa de cobertura é do 50,2 por cento, acadando mínimos (52,9 por cento no Estado). A prestación por desemprego xa é de carácter asistencial, xa que maioritaria-

Pasa á páxina seguinte /...

mente son modalidades asistenciais.

A contía media bruta da prestación contributiva percibida por beneficiario durante maio de 2016 foi de 780,7 euros (802,3 no Estado). As contías medias das prestacións asistenciais (subsídios, renda activa de inserción e PAE), é do 80 por cento do IPREM=426,00 (14,20 € x 30 días)

Hai 120.000 parados sen ningún tipo de cobertura (dato maio 2016), o 54 por cento,

desempregados e desempregadas galegas que non perciben ningunha axuda estando en fortísimo risco de exclusión social. A taxa de cobertura de desemprego está en mínimos históricos, por moito que baixe o desemprego a situación das persoas no desemprego empeora.

Sube a afiliación á SS, pero estamos lonxe de niveis de antes da crise

A media de afiliados á Seguridade Social é de 957.928 en Galicia (afiliados cotizantes en

Galicia, xuño 2016), 8.750 máis no mes, o 0,92 por cento. Evolución máis acusada que no Estado, no que medra o 0,56 por cento interanualmente en Galicia hai unha subida dun 1,48 por cento (case 14.000 máis, pero en termos interanuais no Estado o crecemento foi moi superior, do 2,92 por cento). No Estado superáranse os 17 millóns de afiliados (17.760.271), en Galicia seguimos moi lonxe do millón de afiliados de antes da crise.

A rotación, temporalidade e estacionalidade existente no mercado laboral galego plásmanse nestas cifras.

MÁIS DA METADE DAS PENSÍONS GALEGAS ESTÁN POR DEBAIXO DO SALARIO MÍNIMO INTERPROFESIONAL DE 655 EUROS AO MES

Un terzo dos fogares galegos teñen como sustentador principal a persoas de máis de 65 anos

Redacción.- UGT-Galicia denuncia que máis da metade das pensións galegas sitúanse por debaixo do Salario Mínimo Interprofesional de 655 euros ao mes, esta é una situación que no resto de España non chega ao 40 por cento. UGT insta aos partidos políticos a recuperar o consenso do Pacto de Toledo para reforzar e garantir o Sistema Público de Pensións, elemento esencial para o crecemento da nosa economía e dun modelo social xusto e eficaz.

En Galicia 256.082 pensións de xubilación teñen unha contía mensual de menos de 655,19 euros. Estas pensións representan o 54,7% do total, é dicir de xeito maioritario as pensións na comunidade son inferiores a 655 euros. No conxunto do Estado o peso deste tramo de pensións acada o 39,3%, non chegan a supoñer unha maioría, son máis de 15 puntos de diferenza entre ambos escenarios.

As reformas sobre pensións que o Goberno do Partido Popular levou a cabo durante esta última lexislatura debilitaron intencionadamente a nosa Seguridade Social. Como consecuencia das devanditas reformas, considérase que, a medio e longo prazo, de media, os pensionistas verán reducida a súa pensión entre un 15% e un 26%.

Pero a peor cobertura das contías das pensións en Galicia respecto ao conxunto de España segue reflectíndose se analizamos un tramo máis amplo. Así, o número de pensións de xubilación por debaixo de 1.000 euros ao mes, incluíndo así o tramo anterior, acada o 73,1% en Galicia e no Estado o 60,6%.

A medida que subimos nos tramos de pensións obsérvase que o número diminúe. Entre 1000 e 2.000 euros ao mes atópanse o 19,6% das pensións. E por último, tan só o 7,3% das pensións superan os 2.000 euros ao mes.



Esta é unha situación preocupante, cando a perda de emprego converte aos maiores como o principal sustentador dos fogares.

Segundo datos do IGE 303.666 fogares galegos teñen como sustentador principal a persoas de máis de 65 anos (o total de fogares ascende a 1.060.976)

UGT considera urxente buscar alternativas de ingresos para a Seguridade Social, como incrementar empregos estables e salarios ou establecer cotizacións que contribúan ás arcas da Seguridade Social para os equipos tecnolóxicos que substitúen a traballadores de carne e oso. A destrución de empregos e a perda de cotizantes que están traendo as novas tecnoloxías é necesario compensala con cotizacións para o sistema público de pensión por estes equipamentos.

En 5 anos, de 2011 a 2015, as pensións menores de 1.000 euros só gañaron un 0,1%, practicamente estabilizáronse, e as de maior contía perderon un 3,8% do seu poder adquisitivo. Unha situación á que hai que sumar medidas que repercutiron directamente sobre o peto dos pensionistas, como o copago sanitario, ou o incremento do desemprego, que converteu a moitos dos nosos pensionistas na única fonte de ingresos dos seus fogares.

As diferentes reformas que o Goberno impuxo sobre a pensión de xubilación e a revalorización das pensións (lagoas de cotización, factor de sustentabilidade, xubilación anticipada e parcial ou novo Índice de revalorización) están dirixidas a provocar unha importante redución na contía da pensión e unha perda constante do poder adquisitivo dos pensionistas.

En definitiva, as reformas abordadas polo Goberno nesta lexislatura dirixíronse a erosionar, menoscabar e deteriorar o noso Sistema de protección social; a producir unha perda de confianza na sociedade, co obxectivo de reducir o noso sistema de pensións a un simple provedor de pensións mínimas e facilitar o desembarco dos fondos privados de pensións na xestión da Seguridade Social.

Para UGT é necesario e urxente outro goberno, que teña como prioridade soste e non socavar e privatizar o sistema de pensións. Son necesarias outras políticas que teñan como obxectivo reforzar o sistema de pensións e garantir unha Seguridade Social universal, pública, xusta, igualitaria e solidaria, que proporcione prestacións suficientes, preveña as desigualdades e evite as discriminacións sociais. Todo o contrario do feito polo Goberno nestes 4 últimos anos.

UGT CONDENA OS ATENTADOS DE BAGDAD, DACCA, MEDINA, JEDAH E QATIF

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores condena os atentados terroristas perpetrados este fin de semana en Bagdad (capital de Iraq) e en Dacca, a capital de Bangladesh, e os ocorridos o luns en Medina, Jedah e Qatif, en Arabia Saudita, nos que faleceron máis dun centenar de persoas. O sindicato transmite o seu pesar e solidariedade ás vítimas e familiares, así como desexa a pronta recuperación dos feridos.

O sindicato reitera o compromiso do movemento sindical no seu conxunto e dos traballadores e traballadoras en contra do terrorismo e dos actos violentos que pretenden semear de terror na sociedade.



UGT ESIXE A CONVOCATORIA XA DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO FONDO DE RESERVA DA SEGURIDADE SOCIAL

Redacción.- A Secretaria de Políticas Sociais, Emprego e Seguridade Social, Mari Carmen Barreira, esixiu ao Goberno a convocatoria, no menor prazo posible da Comisión de Seguimento do Fondo de Reserva da Seguridade Social.

Lembra nunha carta dirixida a Tomás Burgos, Secretario de Estado de Seguridade Social, que desde o sindicato mostrouse preocupación de forma, nos distintos órganos de participación e seguimento de que dispón a Seguridade Social, ante a necesidade reiterada de realizar disposicións do Fondo de Reserva e a forma na que estas veñen producindo.

A última ocasión tivo lugar na reunión do Consello Xeral do INSS o pasado 30 de xuño, na que o sindicato volveu insistir, unha vez máis, na necesidade de que o Goberno informe os axentes sociais da previsión de disposición que pensa realizar, sen anticipar ningún tipo de explicación.

Lonxe de atender esta reclamación, o Goberno optou por anunciar a última disposición utilizando unha concisa nota de prensa na tarde-noite do venres 1 de xullo, sen que mediase unha información previa no marco do Consello de Ministros



celebrado esa mesma mañá, nin a máis elemental regra de cortesía que supuxese a comunicación previa aos axentes sociais presentes nesta Comisión de Seguimento. E iso aínda a pesar de tratarse da disposición de efectivo, 8.700 millóns de euros, máis importante de todas as que se produciron ata o momento, e tras a que o Fondo de Reserva sitúase en 25.170 millóns de euros.

Unido a iso debemos tamén sinalar o feito de que no último período, aínda que coincidiu cos sucesivos períodos electorais e postelectoral, incumpríuse o man-

dato de información que o Fondo de Reserva ten para cos membros da súa Comisión de Seguimento, contido no art. 8 da Lei 28/2003, do 29 de setembro, reguladora do Fondo de Reserva da Seguridade Social, onde se establece que "A Comisión de Seguimento coñecerá semestralmente da evolución e composición do Fondo de Reserva, para o que o Comité de Xestión do Fondo de Reserva, a Comisión Asesora de Investimentos do Fondo de Reserva e a Tesourería Xeral da Seguridade Social facilitarán información sobre tales extremos con carácter previo ás reunións que manteña dita comisión."

Programa de garantía xuvenil

Programa extraordinario de activación para o emprego

¡**INFÓRMATE!**

Dirixete ás sedes de UGT ou en: <http://www.ugtg Galicia.org>

AS SOCIEDADES MULTISERVICIOS ELUDEN IMPOSTOS E EXPLOTAN A TRABALLADORES EN TODA EUROPA



Redacción.- Un novo informe da Confederación Europea de Sindicatos (CES) demostra como as empresas utilizan sociedades multiservicios non só para pagar menos impostos, senón tamén para reducir salarios e impoñer pésimas condicións de traballo.

As sociedades multiservicios son entidades xurídicas que se establecen nun país da Unión Europea (UE) onde non teñen ningunha actividade económica (ou moi escasa) co obxectivo de aproveitarse dun réxime fiscal e de salarios máis favorable.

O informe titulado "O impacto da utilización das sociedades multiservicios sobre os dereitos dos traballadores e os ingresos públicos", publicado hoxe pola CES inclúe estudos de casos en Alemaña, Países-Baixos, Italia e Suecia, que cobre o sector das cárnicas, do transporte por estrada, do automóbil e da construción. Un informe que demostra como a evasión fiscal está unida na maioría dos casos coa explotación laboral. *

Estes casos refírense particularmente a:

Danish Crown, unha sociedade holding baseada en Alemaña e propietaria de matadoiros e de fábricas de transformación de carnes e que subcontrata a traballadores dunha sociedade multiservicios de Polonia, Hungría e Romanía. Estes traballadores están sometidos a xornadas laborais de entre 14 e 20 horas, non ten dereito a pensión, nin a seguro médico, están contratados por un máximo de 6 meses e os seus contratos son logo transferidos dunha sociedade multiservicios a outra.

Vos Transport, sociedade holandesa de transporte por estrada que ten o 70% da súa cifra de negocio e actividade nos Países Baixos, pero o 50% dos traxectos realízanse con contratos con sociedades multiservicios en Romanía e en Lituania. Estas sociedades non teñen oficinas e os contratos dos condutores están asinados por un director holandés, reciben as instrucións do seu traballo desde os Países Baixos e están obrigados a abrir nese país unha conta bancaria. O seu salario mensual é de 200", o resto de conceptos son reembolsos de gastos e dietas non declaradas ao fisco.

Serneke, é unha empresa de construción sueca que despediu aos seus traballadores para despois subcontratar a outros dunha sociedade multiservicios polaca que comparte un despacho e un teléfono coa cámara de comercio sueco-polaca. Segundo as primeiras constatacións, as cotizacións sociais non foron abonadas desde fai catro anos (nin en Suecia nin en Polonia) a pesar de que fosen deducidas dos salarios dos traballadores.

FIAT, historicamente propiedade dunha familia italiana, está rexistrada en Amsterdam e a súa sede social está en Londres. Paga o imposto de sociedades no Reino Unido e o imposto sobre os dividendos e beneficios de capital de filiais estranxeiras nos Países Baixos (pero paga menos que o que tería que pagar en Italia).

O informe tamén sinala que o 83% dos investimentos estranxeiros directos nos Países Baixos e o 96% en Luxemburgo son realizadas por "entidades con vocación específica" (é dicir sociedades multiservicios),

o que demostra que a gran maioría das "investimentos estranxeiros" nestes países ten por obxectivo pagar menos impostos.

"A utilización das sociedades multiservicios prexudica os dereitos dos traballadores e os ingresos públicos", declarou Esther Lynch, Secretaria Confederal da CES. "Esta práctica explota aos traballadores, crea unha clara desvantaxe ás empresas honestas que pagan salarios correctos e a súa xusta parte de impostos e priva aos servizos públicos recadar as cantidades necesarias".

"Este informe demostra que recorrer ás sociedades multiservicios énos un fenómeno illado, senón que é unha práctica corrente en moitos países e en numerosos sectores económicos, ademais de demostrar que a evasión fiscal é comunmente acompañada pola explotación laboral. A utilización de sociedades multiservicios vese favorecida polo dereito comunitario e por unha tímida aplicación do dereito do traballo e da lexislación fiscal no plano nacional".

A próxima fase deste proxecto da CES, que está financiado pola Comisión Europea, será estudar solucións para loitar contra a evasión fiscal e o non pago de salarios xustos e de cotizacións sociais.

** No marco deste informe, o termo de « sociedades multiservicios » designa non só entidades xurídicas sen ningún fundamento material senón tamén a constitución de sociedades potencialmente artificiais sobre as que por exemplo se poden emitir dúbidas sobre as decisións de xestión ou sobre as finanzas que son tomadas no lugar onde se constitúen aínda que a entidade xurídica beneficiase de vantaxes materiais ás que están ligadas."*

UN PACTO SOCIAL PARA O PROGRESO E UNHA SOCIEDADE MÁIS COHESIONADA

Redacción.- O Secretario Xeral de UGT, Pepe Álvarez, avogou por un "novo pacto social que nos axude a encamiñar a senda de progreso económico e social e conseguir unha sociedade máis cohesionada".

Un pacto social "que acabe coas políticas de austeridade, que han socavado o Estado de Benestar e que reestablezca a confianza cidadá no proxecto político tanto europeo como do noso país".

Pepe Álvarez realizou estas declaracións no almorzo informativo do Fórum Europa, onde sinalou que "España está nun momento crucial, onde se debería traballar a fondo para producir un cambio en profundidade. Estamos nunha situación de emprego precario, con condicións de traballo pésimas, baixos salarios" é o pan o noso de cada día. Empregos que non serven para desenvolver un mínimo vital, que obrigan aos traballadores para seguir sendo pobres".

Por iso, considerou que as bases deste pacto social deberían virar ao redor de que "os grupos políticos respondan os seus compromisos cos electores. As 20 actuacións de UGT e CCOO contaron co respaldo maioritario dos partidos políticos e deben ser a base fundamental do proxecto político dos próximos anos".

"Necesitamos tamén", manifestou, "un plan de choque polo emprego con recursos públicos que permita crear a curto prazo postos de traballo. A reforma laboral ha fracasado e débese derrogar e repoñer dereitos. Este plan debe conter medidas para parados maiores de 55 anos. Este país non pode permitir que persoas que cotizaron toda a súa vida non teñan unha boa pensión. Tamén hai que contratar a máis



novos a través do contrato de substitución".

Ademais, "o SMI debería subirse tamén, situándose no 60% do salario medio, ao redor dos 1.000 euros. Millóns de persoas que non contan con ningún ingreso para vivir e a isto hai que poñerlle remedio. Tampouco estamos de acordo cos desafiuzamentos masivos que se produciron nos últimos anos, nin coa Lei Mordaza, nin coa LOMCE, senón que estamos a favor dun gran pacto pola educación".

Hai que restaurar plenamente o Pacto de Toledo

En relación á nova utilización da hucha das pensións por parte do Goberno, o Secretario Xeral de UGT sinalou que "esta decisión non me produciu gran sorpresa, pero paréceme inoportuna, porque se debería producir antes destas eleccións e non xusto tras a súa celebración, e autoritaria, xa que non se consultou nin se informou antes aos interlocutores sociais mediante o Diálogo Social".

Neste sentido, avogou por "restaurar plenamente o Pacto de Toledo. As decisións en relación ás pensións teñen que vir

deste espazo, e o que non se pode producir nunca máis é que unha maioría absoluta poida modificar o status do Pacto de Toledo".

"Se non facemos nada", sentenciou, "isto será unha constante. A Seguridade Social ten unha falta de financiamento importante, porque as cotizacións están a baixar e os salarios tamén. Hai que nutrir ao sistema de liquidez vía impostos".

Non se poden subscribir tratados de gran influencia para a sociedade sen un debate previo

Preguntado polos tratados internacionais, como o TTIP e o CETA, Pepe Álvarez considerou que "non se poden subscribir tratados internacionais con tanta influencia na sociedade sen un debate previo. Sinto vergoña de que o Parlamento Europeo non teña os textos destes tratados e teñan que coñecerlos pola clandestinidade".

A pesar diso, mostrouse "convencido" de que non se ratificarán "nin polo Parlamento Europeo nin polos parlamentos nacionais. Hai que darlle máis importancia ás persoas e menos aos mercados".

O NÚMERO DE AUTÓNOMOS AUMENTA EN GALICIA EN 411 PERSOAS EN XUÑO, PRINCIPALMENTE NO SECTOR SERVIZOS

Redacción.- O número de autónomos aumenta en Galicia en 411 persoas en xuño ata un total de 217.444 fronte aos 216.733 de maio, segundo datos de afiliación do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

Este incremento prodúcese principalmente no sector servizos, relacionado co turismo, o que segundo a Asociación Galega de Traballadores Autónomos e do Mar (Agtamar-Upta) de UGT "confirma a importancia da estacionalidade do traballo por conta propia en Galicia".

Con todo, destaca que "este dato é positivo", xa que indica que "se consolida o crecemento de traballadores autónomos e autónomas" na Comunidade galega.



Así, Agtamar-Upta espera que "os datos de crecemento consolidense nos próximos meses a pesar da estacionalidade destas actividades económicas".